

# CIBERVIAXES

## VIAXE AMIGOS DOS MUSEOS

### CRETA & ATENAS

### DO 20 AO 29 XUÑO 2023

#### Día 1- 20/06. CORUÑA-BARCELONA- HERAKLION

Saída do Obelisco en dirección ao aeroporto da Coruña, tramites de facturación e saída á capital de Creta, vía Barcelona. Chegada no aeroporto de Heraklion co voo de VY ás 16.00hrs e traslado ao hotel. Paseo pola tarde, cea e noite no hotel de Heraklion.

#### VOO PREVISTO

**CORUÑA – BARCELONA – CRETA 09.15-10.55/11.50-16.00**

#### Día 2 – 21/06. ELOUNDA – SPINALONGA – LATO – AGIOS NIKOLAOS

Tras o **almorzo**, saímos cara ao leste e o golfo de Elounda desde onde vamos a coller o barco que nos levará á illa de Spinalonga. Illa / fortaleza veneciana do século XVI que desde o 1903 ata o 1957 foi utilizada como colonia de leprosos. Rematada a visita de Spinalonga nos diriximos a Lato para visitar a antiga cidade de Lato fundada polos dorios e chegou a ser unha das máis importantes cidades-estado de Creta. **Xantar** en Axios Nikolaos e visita desta bonita cidade. Volta pola tarde a Heraklion.

#### Día 3 – 22/06. GORTINA – FESTOS – MATALA

**Almorzo** no hotel e saída cara ao sur da rexión de Heraklion. Hoxe vamos a coñecer a cidade Romana de Gortina, o Pazo de Festos e o pobo de Matala coa súa famosa praia onde, segundo a mitoloxía grega, chegou Zeus á súa orixe en forma de touro e con Europa a as súas espaldas. **Xantar**. Volta pola tarde en Heraklion.

#### Día 4 – 23/06. MUSEO ARQUEOLÓXICO – KNOSSOS

**Almorzo** no hotel e saída para visitar o Museo Arqueolóxico de Heraklion que alberga unha gran colección de Arte Minoico como tamén doutros períodos da historia de Creta. A poucos kilómetros de Heraklion, visitaremos o Palacio de Knossos, A mitoloxía fixa en Knossos, a residencia do rei Minos, que mandou a Dédalo construír o labirinto onde se encerraba ao minotauro. O "monstruo" alimentábase de humanos que se levaban en sacrificio para saciar ao minotauro. O seu destino final foi morrer a mans de Teseo que logrou saír do labirinto grazas ao fío de Ariadna que lle permitiu coñecer a saída. En Knossos visitaremos a sala do Trono Real e coñeceremos a historia da civilización Minoica. Rematada a visita do Palacio de Knossos, **almorzo** e despois nos diriximos a un dos pobos típicos da rexión onde vamos a degustar produtos típicos da zona. Volta a Heraklion pola tarde.

#### Día 5 – 24/06. HERAKLION – ARKADI – ARMÉNI – RETHYMNON – CHANIA

Tras o **almorzo** facemos o check out e saímos cara á cidade de Chania. De camiño a Chania vamos a visitar a rexión de Rethymno e o Mosteiro de Arkadi que data do século XVI e foi un centro moi importante de ciencia e arte. Arkadi é tamén coñecido como un centro de resistencia dos cretenses contra a ocupación otomán. Despois da visita de Arkadi pasaremos a coñecer a Nekropolis de Armenoi, un cemiterio da época Minoica de

## CIBERVIAXES

200 tumbas que está en escavación desde o ano 1969 e relevou moitísima información sobre a vida diaria na época Minoica. Seguidamente vamos a coñecer a bonita cidade de Rethymno, ver o porto e pasear pola cidade vella. **Xantar**, pola tarde chegada en Chania e aloxamento.

### Día 6 – 25/06. CHANIA – STAVROS

**Almorzo** e saída a pé para visitar o casco antigo da cidade de Chania e o Novo Museo Arqueolóxico. Á hora do **xantar** sairemos cara a Akrotiri e a praia Stavros onde vamos a comer e ter tempo libre para descansar e gozar do mar. Pola tarde visita do Mosteiro dos Tsangaroli e volta a Chania.

### DIA 7 – 26/06. PANTHEON VENIZELON - CEMENTERIO ALIADOS – APTERA - NOITE NO FERRY CARA A ATENAS

**Almorzo** en Chania e tempo libre ata medio día. Check out do hotel e visita do Panteón dos Venizelos, na baía de Souda pasaremos a ver o Cemiterio dos aliados da guerra de Souda e seguiremos á antiga cidade de Apta onde vamos a visitar o recinto arqueolóxico. **Xantar** no lago Kournas e traslado ao porto sobre as 18.00hrs para facer o check in no barco. Noite a bordo.

### DIA 8 – 27/06. ATENAS

Chegada en Atenas sobre as 06.00hrs. encontro co noso persoal no porto de Pireo e traslado ao hotel onde vamos a **almorzar** antes de empezar o día. Saída a pé do hotel para visitar o recinto arqueolóxico da Acropolis e o Museo da Acropolis. **Xantar** na zona de Plaka e volta ao hotel para facer o check in e descansar.

Pola tarde sobre as 17.00hrs saída do hotel para visitar o Templo de Poseidon. Tomaremos a estrada da costa ao longo da “Ribeira Atense”. Pasaremos polas praias de Glyfada, Vouliagmeni e seguiremos por Varkiza e as innumerables praias ata chegar ao Cabo Sunio dominado polo Templo de Poseidón. As vistas ao Mar Exeo e a posta do Sol desde o templo son espectaculares. Volta pola noite ao hotel.

### DIA 9 – 28/06. ATENAS – ARGOLIDA

Logo do **almorzo**, saída de Atenas con destino a península do Peloponeso. Parada no Istmo de Corinto. A continuación, nos diriximos a Epidauro para visitar o Antigo Teatro, famoso pola súa perfecta acústica. A seguinte visita realízase en Micenas onde coñeceremos a Acrópolis de Micenas, a Porta dos Leóns e a Tumba de Agamenón. **Xantar** en Nafplio. Pola tarde volta a Atenas e aloxamento.

### DIA 10 – 29/06. ATENAS-BARCELONA-CORUÑA

**Almorzo** e tempo libre ata a hora do traslado ao aeroporto. Tramites de facturación e voo vía Barcelona ata Coruña. Chegada e continuación ata o Obelisco. **FIN DA VIAXE E DOS NOSOS SERVIZOS**

#### VOO PREVISTO

ATENAS BARCELONA CORUÑA 14.50-17.00/19.20-21.05

**MÁIS INFORMACIÓN E PREINCScripción EN:**

**CIBERVIAXES** Federico Tapia, 41 - Telf.: 981 21 66 00